

2025

Relatos para viaxar

polos concellos
da provincia da Coruña

#HoxeEscriboEn

INSPIRATE

Todos os lugares teñen unha historia, seguro que o teu concello ten moitos lugares para inspirar un microrrelato.

CREA UN MICRORRELATO

Que axude a visibilizar e coñecer o patrimonio cultural, turístico, natural e medioambiental dun concello da provincia da Coruña.

TEMÁTICA

Os microrrelatos poderán estar relacionados coa historia local, lendas propias, tradicións do pobo, persoeiros do concello, a riqueza natural, cultural...

PRAZO E FORMA

O prazo de presentación do/s microrrelatos será dun mes e medio despois da súa publicación no BOP da Coruña (45 días naturais).

O microrrelato será inédito e terá unha extensión máxima de 500 palabras.

Envíao por formulario en:
www.dacoruna.gal/biblioteca


GAÑA UN PREMIO

Os premios consistirán en estancias rurais na provincia e tamén dun sorteo de lotes de produtos entre os participantes.

O TEU MICRORRELATO

O teu microrrelato formará parte do proxecto #HoxeEscriboEn 2025.

Usarémo-lo para visibilizar o patrimonio provincial e o talento literario.



A CORUÑA PROVINCIA

**93 CONCELLOS
DA PROVINCIA
DAN PARA MOITO
ESCRIBIR**



Deputación
DA CORUÑA



Biblioteca e Turismo
www.dacoruna.gal/biblioteca



DLC1007-2025

Relatos para viaxar polos concellos da provincia da Coruña

#HoxeEscriboEn

Bases da convocatoria

1. Primeira. – Obxecto

O obxecto do concurso é o **fomento do talento creativo, a animación á escritura e á lectura e a difusión do patrimonio cultural e turístico dos concellos da provincia da Coruña**, axudando a sensibilizar sobre o patrimonio cultural, natural e medioambiental de cada un, e a importancia de preservalo. Para isto, a Biblioteca Provincial xunto coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña convocan unha nova edición do concurso de microrrelatos sobre o patrimonio dos concellos da provincia.

2. Segunda. – Participantes

Poderán participar tódalas persoas físicas, maiores de idade, usuarios ou non da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, de xeito libre. Quedan excluídas todas aquelas persoas con calquera tipo de relación laboral coa Biblioteca Provincial e coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña.

3. Terceira. – Formato

Os microrrelatos presentados **ambientaranse ou farán referencia a algún dos concellos da provincia da Coruña**, non sendo preciso que o autor resida nel. Poderán estar relacionados coa historia local, lendas propias, tradicións do concello, persoas destacadas, valores positivos do concello, a riqueza natural, cultural ou medioambiental do seu territorio, ou calquera outro aspecto que axude a resaltar o seu patrimonio.

Deberán estar escritos en galego ou castelán, ser inéditos e non ter sido presentados en ningún outro concurso.

O texto terá unha **extensión máxima de 500 palabras**.

4. Cuarta. – Forma de presentación

A presentación dos relatos farase a través do formulario habilitado na web da Biblioteca da Deputación da Coruña.

O formulario atópase na web da biblioteca <https://www.dacoruna.gal/biblioteca> seguindo a ruta: **Actividades > Concursos > Concurso #HoxeEscriboEn > Edición 2025**

Tamén podes acceder premendo na seguinte ligazón: <https://www.dacoruna.gal/biblioteca/actividades/concurso-concurso-hoxeescrivoen>

Cada participante deberá realizar unha inscrición indicando o seu nome e apelidos, concello da provincia desde o que participa e no que se ambienta o relato, teléfono de contacto e enderezo postal.

Cada persoa poderá participar cantas veces queira, cumprimentando un formulario por cada unha das participacións.

Para solventar dúbidas do concurso, podes contactar enviando un correo electrónico a biblioteca.info@dacoruna.gal ou no teléfono **981415176**.

5. Quinta. – Prazo de presentación

O prazo de presentación do/s microrrelatos será dun mes e medio despois da súa publicación no BOP da Coruña. Non se considerarán propostas presentadas fóra deste prazo.

6. Sexta. – Xurado

Os microrrelatos serán valorados por un xurado especializado, e a súa decisión será inapelable. A selección basearase en criterios de orixinalidade, calidade na redacción, calidade lingüística e aproximación á temática proposta nas bases **primeira e terceira**.

O xurado será nomeado mediante resolución da presidencia e publicarase na páxina web da Biblioteca Provincial, coa finalidade de dar cumprimento aos principios de transparencia e publicidade.

7. Sétima. – Premio

O nome das persoas gañadoras darase a coñecer despois de rematar o prazo de presentación dos traballos e da reunión do xurado.

O primeiro premio consistirá nunha estancia para dúas persoas dunha noite, con almorzo e cea incluídos, nun establecemento tipo cabanas rurais da provincia da Coruña.

O segundo premio consistirá nunha estancia para dúas persoas dunha noite, con almorzo incluído, nun establecemento rural da provincia da Coruña.

O terceiro premio consistirá nunha comida ou cea para dúas persoas nun establecemento da provincia da Coruña.

Ademais, entre os participantes, sortearanse varios lotes de produtos da provincia.

As persoas que resulten galardoadas recibirán a comunicación por teléfono ou correo electrónico e publicaranse nas redes sociais e web da Biblioteca Provincial.

As datas de goce dos premios serán concretadas coas persoas gañadora, unha vez resolto o concurso.

8. Oitava. – Entrega do premio

A entrega dos premios terá lugar nun acto público que se realizará nas dependencias da Deputación da Coruña. Salvo por razóns de forza maior, as persoas gañadoras deberán estar presentes no acto de entrega do premio.

Os lotes de produtos da provincia, que se sortearán entre as persoas participantes, poderán ser recollidos no acto de entrega dos premios, e no caso de ser imposible acudir, serán enviados por correo postal ao enderezo sinalado polos participantes na inscrición.

9. Novena. – Dereitos e deberes

A participación no concurso leva aparellada a autorización para publicar os microrrelatos, xunto co nome e apelidos das persoas participantes, nos diferentes medios impresos e dixitais que utiliza a Sección de Turismo da Deputación da Coruña, a Biblioteca, e a Deputación da Coruña; incluídas as redes sociais e a plataforma de préstamo dixital EbiblioDaCoruna.

Os microrrelatos presentados ao concurso de xeito incompleto ou que non se axusten ou incumpran as bases, así como aqueles de contido inadecuado, serán excluídos.

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases, e que as persoas participantes fanse responsables da autoría e contido dos relatos, que non vulnerarán os dereitos á honra, á intimidade persoal/familiar e á propia imaxe de terceiras persoas.

www.dacoruna.gal/biblioteca

BASES ONLINE

Actividades >

Concursos >

Concurso #HoxeEscriboEn >
– Edición 2025

